

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32016066	CPR Plurilingüe Vila do Arenteiro	O Carballiño	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua galega e literatura	3º Pri.	4	140

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	5
3.1. Relación de unidades didácticas	7
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	10
4.1. Concrecións metodolóxicas	123
4.2. Materiais e recursos didácticos	127
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	128
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	128
6. Medidas de atención á diversidade	130
7.1. Concreción dos elementos transversais	130
7.2. Actividades complementarias	132
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	133
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	134
9. Outros apartados	134

1. Introducción

A lingua é un instrumento empregado constante e necesariamente na vida diaria tanto para entender como para producir mensaxes, nos intercambios comunicativos orais e escritos. Interactúase coa familia, coas amizades e con outras persoas (ámbito profesional) nas conversas diarias ou a través de cartas, correos electrónicos, mensaxes curtas, blogs...

Polo tanto, ter unha alta competencia lingüística e comunicativa permite que as persoas desenvolvan unha vida normal, que poidan interactuar con aquelas outras que pertencen ao seu contorno e que están próximas e tamén coas que están moi lonxe.

Ademais, a lingua está presente en calquera proceso de ensino-aprendizaxe. O alumnado emprega a lingua en calquera das súas clases no propio centro educativo, tanto para entender as instrucións e explicacións do profesorado e poder ser partícipe con el no proceso de descubrimento, como para poder xustificar e exemplificar a interiorización dos contidos.

A área de Lingua Galega e Literatura artículase en seis bloques:

- A lingua e os seus falantes.

- Comunicación oral.

- Comunicación escrita.

- Alfabetización mediática e informacional.

- Educación literaria.

- Reflexión sobre a lingua e os seus usos no marco de propostas de produción e comprensión de textos orais, escritos ou multimodais.

En cada unha das unidades deseñadas para esta programación inclúense contidos relativos a cada un destes bloques, que serán avaliados cos correspondentes criterios de avaliación. Preténdese así dar cobertura en todas as unidades aos aspectos fundamentais na aprendizaxe da lingua galega, de xeito que os bloques mencionados non sexan compartimentos estancos, senón un eixe vertebrador da nosa programación.

O papel que a área de Lingua galega e Literatura xoga no conxunto do currículo parte directamente do valor que a Competencia Comunicativa ten en todas as áreas, materias e ámbitos, e da súa relación con resto das competencias clave.

O currículo de Lingua galega e Literatura deséñase con vistas ao modelo de estudante proposto no perfil de saída do estudante ao final da educación básica, partindo dos descritores operativos que especifica o desenvolvemento competencial esperado ao final da etapa educativa. O seu obxectivo é desenvolver a competencia comunicativa lingüística dos alumnos en galego.

Dentro do ensino desta área, a literatura terá un valor significativo como produto e expresión artística dunha cultura en si mesma e en relación con outras manifestacións artísticas e culturais da contorna de Galicia, España e o mundo. Aprender e expresarse en galego e coñecer e valorar a propia literatura implica achegarse e comprender ese sistema de comunicación e de expresión, a través dos cales se transmiten e manifestan significados culturais e modos singulares para comprender e interpretar a realidade.

Así, o currículo organízase ao redor de estratexias relacionadas con falar, escoitar, ler e escribir en galego, co fin de proporcionar aos alumnos ferramentas que lle permitan afrontar os retos da sociedade do século XXI, que demanda persoas cultas, críticas e ben informadas; capaces de facer un uso efectivo e ético das palabras; respectuosas coas diferenzas; coa capacidade de transformar a información en coñecemento e de aprender por si mesmas, informándose, colaborando e traballando en equipo de forma creativa e emprendedora, estando comprometidas co desenvolvemento sostible, a defensa dos dereitos humanos e a convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática.

Novo marco normativo

- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE).

- Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOMLOE).

- Real decreto 157/2022, do 1 de marzo, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Primaria.

- Normativa autonómica.

Fins da etapa

- A finalidade da Educación Primaria é facilitarlles aos alumnos e ás alumnas as aprendizaxes de:

- a expresión e comprensión oral,

- a lectura,
- a escritura,
- o cálculo,
- as habilidades lóxicas e matemáticas,
- a adquisición de nocións básicas da cultura,
- o hábito de convivencia,
- os hábitos de estudo e traballo,
- o sentido artístico,
- a creatividade,
- a afectividade,

co fin de garantir unha formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade, e de preparalos para cursar con aproveitamento a Educación Secundaria Obrigatoria.

Principios pedagóxicos da etapa

- A Educación Primaria pretende desenvolver e asentar progresivamente as bases que lle faciliten a cada alumno ou alumna unha adquisición axeitada das competencias clave previstas no perfil de saída do alumnado ao remate da ensinanza básica, tendo sempre en conta o seu proceso de maduración individual, así como os niveis de desempeño esperados para esta etapa.
- A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento traballaranse en todas as áreas, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das áreas da etapa.
- Transversalmente, desde todas as áreas se promoverá a igualdade entre homes e mulleres, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual. Así mesmo, poñerase especial atención á orientación educativa, á educación emocional e en valores e á potenciación da aprendizaxe significativa que promova a autonomía e a reflexión.
- A acción educativa nesta etapa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado cunha perspectiva global e adaptarse aos seus ritmos de traballo.
- Fomentarse o hábito e o dominio da lectura dedicando un tempo diario a esta, mediante o fomento da lectura e de alfabetización en diversos medios, tecnoloxías e linguaxes e contarase, sempre que sexa posible, coa colaboración das familias ou titores legais ou voluntariado.
- Para intensificar o fomento da integración das competencias, realizaranse proxectos significativos para o alumnado que resolverán tanto individualmente coma de forma colaboradora, reforzando deste xeito a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.
- No proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira daráselle prioridade á comprensión, á expresión e á interacción oral, utilizando a/s lingua/s materna/s só como apoio.

Obxectivos da etapa

Os obxectivos da etapa son os logros que se espera que o alumnado alcanzase ao rematar a etapa. A súa consecución está moi vinculada á adquisición das competencias clave.

A Educación Primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas de forma empática, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a resolución pacífica de conflitos e a prevención da violencia, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito escolar e familiar, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non-discriminación de persoas por motivos de etnia, orientación ou identidade sexual, relixión ou crenzas, discapacidade ou outras condicións.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua castelá e, se a houber, a lingua cooficial da comunidade autónoma e desenvolver hábitos de lectura.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.

- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura.
- i) Fomentar as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización, para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante o seu funcionamento e as mensaxes que reciben e elaboran.
- l) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- m) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física, o deporte e a alimentación como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- n) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan a empatía e o seu coidado.
- ñ) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
- o) Desenvolver hábitos cotiáns de mobilidade activa autónoma saudable, fomentando a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

Esta programación vai dirixida aos alumnos de 3º de Primaria do CPR Vila do Arenteiro.

Esta clase ten 15 nenos /nenas, A maioría proceden da aula de 2º de primaria do mesmo centro polo que se ten un bo coñecemento dos nenos /nenas.

Dous nenos proceden doutro colexio.

Temos unha nena con falta de madurez.

Hay un neno con autismo de grao 3.

Unha nena con mobilidade reducida porque padece tetraparesia espástica.

Tamén temos un neno con TDH.

É un clase con un nivel moi heteroxenio, con diferentes niveis de madurez.

Todos os nenos/nenas proceden da contorna do Carballiño.

O nivel socio-económico das familias é medio- alto.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade lingüística de Galicia e plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar esa diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.	2	2	1	3	3	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.	2-3-5	2	1	1	4-5			
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	5	2	3	
OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.	1-2-4							1-2-3-4
OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Que escola queremos?	Nesta primeira unidade propónse comezar cunha conversación sobre como é a escola para crear un bo clima desde o inicio de curso. A reflexión proposta sobre o novo curso e a confianza vai permitir ao alumnado expresar sentimentos e compartilos tendo en conta as normas básicas de interacción.	6	13	X		
2	Somos o que comemos	Nesta unidade imos falar sobre a alimentación sa na nosa contorna e na sociedade en xeral. De forma transversal, o alumnado realizará un traballo de investigación sobre os menús nas distintas partes do mundo. Para iso, accederase a diversas fontes de información, destacando a consulta guiada en páxinas web. Para pechar a unidade, porase en práctica o aprendido para elaborar, paso a paso, un catálogo sobre as diferentes comidas no mundo.	6	11	X		
3	Iguais e diferentes	Nesta unidade, a través das actividades propostas, váise a fomentar o traballo en equipo e promoverase o compañeirismo na aula. Entender que ofrecer e recibir axuda é indispensable para todos os ámbitos da vida axudará ao alumnado a percibilo, con máis naturalidade, como unha ferramenta de aprendizaxe indispensable. A planificación secuencial dun programa para unha entrevista a unha persoa doutro lugar pechará a unidade.	6	11	X		
4	Como nos coidamos?	Nesta unidade expónse a importancia dos hábitos saudables nas nosas vidas e fórmulanse hipóteses sobre situacións inventadas co fin de fomentar a creatividade. De forma integrada, propónse a lectura e comprensión dun conto e a análise dun anuncio vinculado co tema. Para finalizar a unidade, os estudantes van realizar unha enquisa sobre hábitos saudables.	10	10	X		
5	Onde vivimos?	Nesta unidade expónse a reflexión e o debate sobre a importancia que ten o lugar en que vivimos e a influencia que exercen as características de cada localidade na nosa forma de vida. A través das	6	11	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Onde vivimos?	actividades propostas, vaise a fomentar o interese e a curiosidade por que coñezan máis sobre as diferentes localidades, valorando todo o que aprendemos sobre elas. A través do diálogo, os estudantes van contar anécdotas persoais e expresar os seus sentimentos e emocións. Para pechar a unidade, escribirán un texto descritivo sobre a localidade ideal, que propiciará o traballo transversal doutros contidos.	6	11	X		
6	O noso reto APROVEITAR OS ALIMENTOS	Durante o reto aplicaranse os coñecementos adquiridos no trimestre a través de diferentes actividades nas distintas áreas e ámbitos, que se conxugarán e modularán para realizar un traballo cooperativo e que permitirán ao alumnado aprender a valorar os resultados do proceso. O reto deste primeiro trimestre consiste na reflexión sobre os alimentos e a súa desigual distribución no planeta, así como o problema que supón o desperdicio de comida.	4	3	X		
7	Convivimos cos animais	Como inicio desta unidade expónse un debate sobre a convivencia cos animais. A través desta situación de aprendizaxe, o alumnado vai ser consciente da influencia directa que exercen os animais nas nosas vidas e nas nosas experiencias persoais. Ao terminar a unidade propónselles creación dun slogan a favor dos animais.	6	11		X	
8	. Que futuro ten o planeta?	Esta unidade parte da reflexión sobre que o colexio é o lugar idóneo para comezar a desenvolver e aprender habilidades para unha convivencia harmoniosa no planeta. Aspectos clave, como as competencias de negociación, escoita e diálogo, van converterse ao longo desta unidade en ferramentas de aprendizaxe imprescindibles para o desenvolvemento das actividades. Un bo clima na aula, ademais, xera un mellor rendemento e permite un desenvolvemento integral. Se porá en práctica todo o aprendido e redactarase, seguindo un esquema predeterminado, como se fan predicións sobre o tempo atmosférico e o clima.	6	11		X	
9	Salvemos os animais e as plantas	Nesta unidade, van reflexionar e debater sobre a protección das especies. A partir desta formulación, coñecerán unha serie de medios e soportes comunicativos accesibles para eles e vanos a empregar para transmitir mensaxes. Para sintetizar todo o aprendido, propónselles a redacción de noticias sobre especies en extinción nas	10	10		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	Salvem os animais e as plantas	que todos os seus elementos deben estar interconectados: imaxes, texto e obxectivo comunicativo.	10	10		X	
10	Como nos divertimos?	Nesta unidade, vanse traballar todas as actividades partindo do coñecemento de formas sas de diversión, lectura e comprensión dun conto, textos e actividades de lingua, etc. Para pechar a unidade, van redactar instrucións para un xogo inclusivo	6	10		X	
11	O noso reto PROTEXER OS ANIMAIS	Neste reto pon o foco no perigo en que se atopan un gran número de animais e os seus hábitats naturais. Analizarase a presenza dos animais na contorna inmediata, as súas necesidades, as accións encamiñadas á súa protección, a responsabilidade das persoas no seu benestar e as tarefas que levan a cabo algunhas asociacións neste sentido. A análise dos datos, a reflexión, a comunicación das conclusións e a posta en marcha de iniciativas para atallar os problemas son as liñas de actuación deste reto.	4	1		X	
12	Ciencia ao alcance	Nesta unidade, o foco principal ponse na reflexión e no coñecemento sobre Ciencia e as consecuencias que supoñen os avances científicos. O alumnado vai familiarizarse con elementos comunicativos moi presentes na nosa cotiandade. Para iso, propónse un traballo de investigación exhaustivo para elaborar un ficheiro de mulleres científicas.	6	11			X
13	Realidade ou ficción?	Nesta unidade expónse un debate sobre as situacións reais e as de ficción e propónse a reflexión sobre accións ou actividades encamiñadas a mitigar ou erradicar a desigualdade. Paralelamente, váise incidir na importancia de que o alumnado forxe un pensamento crítico autónomo e exprese a súa opinión dando razóns. Para pechar a unidade, os alumnos recomendarán libros ou películas pola igualdade.	6	10			X
14	Facémonos oír	Nesta unidade, para finalizar o curso, propónse a realización dun mural sobre os nosos dereitos e deberes. Para iso, o alumnado vai facer uso de diferentes soportes e medios coidando, especialmente, a veracidade e a obxectividade dos datos recollidos. De forma transversal, debaterán sobre o uso dunha páxina web e de buscadores.	14	13			X
15	O noso reto CONSEGUIR A IGUALDADE	No terceiro trimestre, as alumnas e os alumnos analizan as tarefas que levan a	4	4			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
15	O noso reto CONSEGUIR A IGUALDADE	cabo homes e mulleres en diversos contextos, as diferenzas que existen entre as responsabilidades que ambos asumen e a desigual visibilidade que ao longo do tempo conseguiron os seus logros. Desde a propia casa, os xogos e os deportes, a presenza na historia, na arte ou o contexto profesional, o alumnado deberá estudar os roles que homes e mulleres asumiron e asumen e planificar accións concretas para avanzar cara á igualdade.	4	4			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Que escola queremos?	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Identificar, de maneira acompañada, o contido de textos orais e multimodais diversos, valorando a información máis relevante.	Identifica de maneira acompañada, o contido de textos orais e multimodais diversos	PE	30
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos en lingua galega, identificando o sentido global e a información relevante e integrando, de maneira acompañada, a información explícita.	Le e extrae a idea dun texto escrito adecuado ao nivel.		
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade, aplicando os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Comprende distintos tipos de textos adaptados á súa idade, aplicando os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua		
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, en lingua galega, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa e iniciándose, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación.	Produce textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, en lingua galega,		
CA3.7 - Elaborar textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, individuais ou colectivos, integrando recursos gráficos ou paratextuais sinxelos que faciliten a comprensión do sentido global do texto.	Escribe texto sinxelo integrando recursos gráficos (ilustración)		
CA5.5 - Reproducir, a partir de modelos dados, textos literarios sinxelos, en prosa ou en verso, con sentido estético e creatividade: contos e poemas.	Completa un conto dado, con coherencia e cohesión.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.6 - escoitar e ler textos variados da literatura infantil universal e galega, que recollan diversidade de autores e autoras, recoñecendo elementos básicos dos distintos xéneros literarios e interpretándoos e relacionándoos con outras manifestacións artísticas de maneira acompañada.	Escoita textos e relaciona coas ilustracións.		
CA5.7 - Producir, de maneira acompañada, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, recreando de maneira persoal os modelos dados.	Crea un conto sinxelo a partir dun dado, cambiando palabras clave.		
CA6.4 - Revisar os textos propios e alleos, de maneira acompañada, a partir da observación, comparación e manipulación de palabras nun proceso de mellora na produción e comprensión de textos e mediante o uso guiado de dicionarios físicos ou dixitais.	Recoñece orde alfabética. Separa en sílabas.		
CA6.6 - Progresar na adquisición de vocabulario galego a través dos textos.	Progresar na adquisición de vocabulario galego a través dos textos.		
CA1.1 - Amosar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais de Galicia, incluída unha primeira aproximación ás linguaxes de signos, identificando as empregadas no seu ámbito familiar.	Mostra respecto pola lingua que empregan os seus compañeiros/as. Identifica a lingua empregada.	TI	70
CA1.2 - Recoñecer a existencia de prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, ofrecendo alternativas e valorando a pluralidade lingüística da súa contorna e, particularmente, a dualidade lingüística xeral galego-castelán como unha fonte de riqueza cultural.	Emprega as dúas linguas oficiais.		
CA1.3 - Recoñecer as distintas linguas empregadas na súa contorna a través da interacción coas persoas próximas.	Recoñece a lingua empregada por alumnado e profesorado.		
CA1.4 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios da comunicación, tendo en conta unha valoración social equilibrada das dúas linguas oficiais.	Rexeita os usos lingüísticos discriminatorios da comunicación		
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Usa unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais		
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido.	Comprende o sentido de textos orais e multimodais sinxelos		
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións cotiás.	Amplia paulatinamente o vocabulario		
CA2.4 - Elaborar textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada, axustando o discurso á situación comunicativa e utilizando recursos non verbais básicos.	Emprega o galego na situación comunicativa que o require. Produce textos curtos coherentes (nivel oración).		
CA2.5 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias elementais de escoita activa e respectando as normas básicas da cortesía lingüística.	Participa en interaccións orais. Respecta as normas de cortesía.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Expresarse con coherencia de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións.	Exprésase con coherencia de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións.		
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega, e identificar os abusos de poder a través da palabra desde unha reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Recoñece e valora o emprego oral do galego. Emprega un tono axeitado.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e o acompañamento necesarios, estratexias básicas para a comunicación asertiva e o consenso, progresando na xestión dialogada de conflitos.	Mobiliza, coa planificación e o acompañamento necesarios, estratexias básicas para a comunicación asertiva e o consenso		
CA3.3 - Utilizar estratexias para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía, identificando palabras clave e anticipando hipóteses.	Utiliza estratexias para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía, identificando palabras clave e anticipando hipótese		
CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, o contido e aspectos formais e non verbais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura e fiabilidade, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.	Analiza, de maneira acompañada, o contido e aspectos formais e non verbais elementais de textos escritos e multimodais		
CA3.5 - Adquirir a eficacia lectora mediante unha planificación de mellora e o gusto pola lectura.	Adquire a eficacia lectora mediante unha planificación de mellora e o gusto pola lectura.		
CA3.8 - Utilizar, de xeito acompañado, as bibliotecas de aula e de centro, respectando as súas normas básicas de organización e funcionamento e participando nas actividades organizadas e interesarse por formar unha pequena biblioteca propia con textos da literatura infantil galega.	Utiliza, de xeito acompañado, as bibliotecas de aula e de centro,		
CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita..	Acada as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.		
CA3.10 - Construír, a través da linguaxe e de forma progresiva, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.	Construe, a través da linguaxe e de forma progresiva, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.		
CA3.11 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega, e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Rexeita os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega		
CA4.1 - Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Localiza, selecciona e contrasta información de distintas fontes, incluídas as dixitais Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación sinxelo, individual ou grupal, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira acompañada, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais.	Comparte os resultados dun proceso de investigación sinxelo, individual ou grupal, sobre algún tema de interese persoal		
CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e de centro para localizar libros axeitados ao seu gusto persoal e intereses.	Utiliza a biblioteca de aula e de centro para localizar libros axeitados ao seu gusto persoal e intereses.		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura da información.	Adopta hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura da información.		
CA4.5 - Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversas fontes de información que empreguen a lingua galega acordes cos seus intereses, avanzando na construción da súa identidade lectora.	Le de maneira autónoma ou acompañada textos		
CA4.6 - Compartir oralmente a experiencia de lectura, participando, de forma acompañada ou autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Comparte oralmente a experiencia de lectura, participando		
CA5.1 - Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversos autores e autoras da literatura galega, axustados aos seus gustos e intereses, avanzando na construción da súa identidade lectora.	Le un conto en prosa e outro en verso. Velocidade lectora axeitada ao seu nivel.		
CA5.2 - Compartir a experiencia de lectura, en soportes diversos, mediante a realización de actividades literarias e participando na comunidade lectora escolar.	Comparte a experiencia de lectura, en soportes diversos		
CA5.3 - Valorar os textos literarios e a literatura en xeral como fonte de lecer e información.	Valora os textos literarios e a literatura en xeral e especialmente en lingua galega		
CA5.4 - Identificar a biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas.	Identifica a biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas		
CA5.8 - Recoñecer recursos básicos da linguaxe literaria.	Recoñece recursos básicos da linguaxe literaria.		
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Compara e recoñece títulos do mesmo conto en galego e castelán.		
CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, iniciándose no uso de normas ortográficas sinxelas e adecuadas ao seu nivel, progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación.	Produce en galego textos escritos e multimodais sinxelos e coherente		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.3 - Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua galega, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras (substantivos, adxectivos e verbos), a partir da observación, comparación e manipulación de palabras e enunciados, nun proceso acompañado de produción ou comprensión de textos en contextos significativos.	Formula conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua galega		
CA6.5 - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, fixando diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Revisa os textos propios e alleos, de maneira acompañada, a partir da observación		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Biografía lingüística persoal e do seu centro educativo. - Valoración da diversidade da lingua na contorna e na nosa comunidade autónoma. - Valoración social equilibrada das dúas linguas oficiais de Galicia. - Identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos. - A diversidade etnocultural e lingüística como riqueza e ferramenta para achegarse á súa contorna. - Recoñecemento nas expresións verbais e non verbais da igualdade entre homes e mulleres. - Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas, tendo unha perspectiva de xénero. - Contexto - Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo. - Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma). - Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo e exposición. - Interese pola ampliación de vocabulario para unha mellor comunicación oral. - Estratexias para a coherencia e a cohesión na produción e reprodución oral de textos en lingua galega. - Procesos: interacción oral - Estratexias de interpretación de elementos básicos da comunicación non verbal. - Interacción oral adecuada en situacións de aula, mobilizando estratexias básicas de cortesía lingüística e asertividade. - Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando frases cunha secuencia lineal sinxela e coherente, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación. - Estratexias de expresión e escoita empática de necesidades, vivencias e emocións propias e alleas para a resolución dialogada dos conflitos, tendo en conta a perspectiva de xénero. - Procesos: comprensión oral

Contidos

- Comprensión global e específica e identificación das ideas máis relevantes de textos orais de diversa tipoloxía e procedentes de diversas fontes (gravacións, medios de comunicación, escoita oral de contos infantís).
- Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais, especialmente xestos e ton de voz que incidan no significado da mensaxe que se quere transmitir.
- Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel, que estimulen intereses e gustos.
- Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe (escoitar e preguntar) e para a identificación e interpretación do sentido global de textos orais e multimodais sinxelos.
- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal e de discriminación polo uso do galego como lingua de comunicación.
- Procesos: produción oral.
- Produción de textos orais sinxelos de diferente tipoloxía. Pronuncia e entoación adecuadas, atendendo á particularidade fonética da lingua galega.
- Construción, valoración e comunicación de coñecemento mediante a planificación e produción acompañada de textos orais e multimodais sinxelos.
- Creación de textos orais utilizando unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Contexto
- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a comprensión lectora de textos sinxelos, da literatura galega, de uso cotián.
- Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).
- Elementos básicos de contido (tema, léxico) e forma (estrutura, título, imaxes).
- Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo.
- Estratexias para a coherencia e a cohesión na produción e reprodución de textos escritos, en lingua galega.
- Procesos: comprensión lectora.
- Lectura individual ou acompañada de distintos tipos de textos, con entoación e ritmo adecuados ao desenvolvemento cognitivo.
- Estratexias básicas de comprensión do sentido xeral e identificación das ideas máis relevantes de textos escritos en lingua galega.
- Elementos gráficos, textuais e paratextuais progresivamente complexos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
- Estratexias básicas de uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a comprensión dos textos.
- Valoración e aprecio da lectura, especialmente en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Comprensión de textos diversos, adecuados á súa idade, lidos en voz alta e en silencio, empregando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e utilización desta como fonte de información e lecer.
- Coñecemento da organización e funcionamento das bibliotecas da aula, do centro e das virtuais e participación nas actividades organizadas. Interese por manter a biblioteca propia e persoal, ampliando os seus fondos con textos propios da literatura galega.

Contidos

- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica.
- Procesos: produción escrita
- Aplicación das normas ortográficas básicas adecuadas ao seu desenvolvemento cognitivo e cohesión do texto: mantemento do tempo verbal, puntuación.
- Aplicación de normas ortográficas de certos fonemas e grafemas
- Aplicación de normas ortográficas relativas á puntuación.
- Aplicación de normas de cohesión do texto: mantemento do tempo verbal.
- Creación de textos utilizando a lingua galega con intención informativa: carteis, anuncios, pequenos cómics.
- Modelos e estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión de textos escritos sinxelos, en diferentes soportes (incluídos os dixitais), con distintos propósitos comunicativos.
- Produción de textos escritos e multimodais sinxelos, coherentes e con presentación coidada, utilizando en cada situación o modelo discursivo que corresponda.
- Estratexias básicas de uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a expresión escrita en lingua galega e a elaboración de textos.
- Uso de elementos gráficos e paratextuais básicos que faciliten a organización e comprensión do texto.
- Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita das compañeiras e os compañeiros.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Estratexias básicas na procura guiada da localización, selección e contraste de información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.
- Estratexias e técnicas para comparar e clasificar a información.
- Identificación e valoración crítica das mensaxes e da información recollidas e transmitidas de distintas fontes e de distintos tipos de texto.
- Modelos explícitos para reelaborar a información.
- Comunicación creativa do coñecemento, con respecto pola propiedade intelectual das obras de escritores e escritoras galegos e galegas.
- Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro como fonte de información, aprendizaxe e lecer.
- Utilización das tecnoloxías da información e comunicación para a procura da información, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.
- Construción da identidade lectora a través da lectura de textos en galego e adecuados aos seus intereses, procedentes de diversas fontes de información.
- Colaboración en comunidades lectoras de ámbito escolar a través de experiencias lectoras compartidas.
- Lectura acompañada e comentada de diversos textos literarios en lingua galega, adecuados aos seus intereses e organizados en itinerarios lectores.
- Construción da identidade lectora empregando textos da literatura galega. Estratexias para a expresión de gustos e intereses.
- Estratexias básicas para a interpretación acompañada e compartida de obras, a través de conversacións literarias, participando na comunidade lectora escolar.
- Valoración do texto literario galego e da literatura en xeral, como vehículo de comunicación e recurso de lecer persoal.
- Funcionamento da biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas.

Contidos

- Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos, atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento.
- Comprensión, memorización e recitado de poemas, valorando o ritmo e a entoación.
- Os elementos constitutivos esenciais da obra literaria (tema, protagonista, personaxes secundarios).
- Análise guiada dos recursos expresivos elementais e os seus efectos na recepción do texto.
- Relación entre os textos lidos e outras manifestacións artísticas e culturais.
- Elaboración de textos con intención literaria en galego, a partir de modelos dados ou recreando textos literarios.
- Creación de textos literarios sinxelos, en prosa ou en verso: contos, poemas, adiviñas, cancións e teatro.
- Identificación de xeito acompañado de recursos literarios básicos.
- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.
- Os signos de puntuación elementais como mecanismos para organizar o texto escrito.
- Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons e letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas.
- Estratexias para a elaboración guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico. Transformación de enunciados (substitución, cambio de orde, manipulación).
- Establecemento de xeneralizacións sobre aspectos lingüísticos elementais na estrutura do galego, prestando especial atención ás relacións (xénero e número) que se establecen entre substantivos, adxectivos e verbos.
- Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás repeticións e sinónimos, á orde de oracións e parágrafos e aos diferentes conectores gramaticais e textuais explicativos.
- Estratexias e técnicas elementais de recoñecemento da intención comunicativa e do uso guiado de dicionarios, en distintos soportes.
- Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras (substantivo, verbo, adxectivo, pronomes, artigos). Características e uso de cada clase de palabra.
- Procedementos elementais de adquisición de vocabulario galego. Semellanzas e diferenzas de forma e significado entre palabras da mesma familia léxica ou semántica.

UD	Título da UD	Duración
2	Somos o que comemos	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións cotiás.	A parte de temas tratados, incorpora novo vocabulario empregándoo.	PE	33
CA2.4 - Elaborar textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada, axustando o discurso á situación comunicativa e utilizando recursos non verbais básicos.	Elabora textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada		
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade, aplicando os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Le e comprende un texto dado. Comprende o vocabulario traballado		
CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, o contido e aspectos formais e non verbais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura e fiabilidade, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.	Busca, selecciona e distingue información relevante sobre produtos de outono		
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, en lingua galega, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa e iniciándose, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación.	Escribe un texto sinxelo e coherente, expresando cada idea nunha oración.		
CA3.7 - Elaborar textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, individuais ou colectivos, integrando recursos gráficos ou paratextuais sinxelos que faciliten a comprensión do sentido global do texto.	Elabora textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, individuais ou colectivos		
CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita..	Investiga e fai unha relación de produtos de outono.		
CA5.8 - Recoñecer recursos básicos da linguaxe literaria.	Recoñece recursos básicos da linguaxe literaria.		
CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, iniciándose no uso de normas ortográficas sinxelas e adecuadas ao seu nivel, progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación.	Emprega axeitadamente as grafías c/q		
CA6.5 - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, fixando diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.			

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.5.1. - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais (nome) e as regras de ortografía, fixando diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Recoñece substantivos. Clasifica segundo xénero e número. Aplica os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais (nome) e as regras de ortografía		
CA6.6 - Progresar na adquisición de vocabulario galego a través dos textos.	Progresar na adquisición de vocabulario galego a través dos textos.		
CA1.1 - Amosar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais de Galicia, incluída unha primeira aproximación ás linguaxes de signos, identificando as empregadas no seu ámbito familiar.	Amosa interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais de Galicia		
CA1.2 - Recoñecer a existencia de prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, ofrecendo alternativas e valorando a pluralidade lingüística da súa contorna e, particularmente, a dualidade lingüística xeral galego-castelán como unha fonte de riqueza cultural.	Recoñece a existencia de prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes		
CA1.3 - Recoñecer as distintas linguas empregadas na súa contorna a través da interacción coas persoas próximas.	Recoñece as distintas linguas empregadas na súa contorna a través da interacción coas persoas próximas.		
CA1.4 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios da comunicación, tendo en conta unha valoración social equilibrada das dúas linguas oficiais.	Exprésase sen facer uso discriminatorio da lingua		
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Usa unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais		
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido.	Comprende o que escoita. Extrae idea principal.	TI	67
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega, e identificar os abusos de poder a través da palabra desde unha reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Rexeita os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e o acompañamento necesarios, estratexias básicas para a comunicación asertiva e o consenso, progresando na xestión dialogada de conflitos.	Mobiliza, coa planificación e o acompañamento necesarios		
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos en lingua galega, identificando o sentido global e a información relevante e integrando, de maneira acompañada, a información explícita.	Le de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos en lingua galega		
CA3.3 - Utilizar estratexias para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía, identificando palabras clave e anticipando hipóteses.	Utiliza estratexias para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía, identificando palabras clave e anticipando hipóteses.		
CA3.5 - Adquirir a eficacia lectora mediante unha planificación de mellora e o gusto pola lectura.	Adquire a eficacia lectora mediante unha planificación de mellora e o gusto pola lectura.		
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, en lingua galega, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa e iniciándose, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación.	Produce textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, en lingua galega		
CA3.8 - Utilizar, de xeito acompañado, as bibliotecas de aula e de centro, respectando as súas normas básicas de organización e funcionamento e participando nas actividades organizadas e interesarse por formar unha pequena biblioteca propia con textos da literatura infantil galega.	Utiliza, de xeito acompañado, as bibliotecas de aula e de centro		
CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita..	Acada as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita		
CA3.10 - Construír, a través da linguaxe e de forma progresiva, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.	Construe, a través da linguaxe e de forma progresiva, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.		
CA3.11 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega, e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Rexeita os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega		
CA4.1 - Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Localiza, selecciona e contrasta información de distintas fontes, incluídas as dixitais		
CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación sinxelo, individual ou grupal, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira acompañada, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais.	Comparte os resultados dun proceso de investigación sinxelo		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e de centro para localizar libros axeitados ao seu gusto persoal e intereses.	Utiliza a biblioteca de aula e de centro para localizar libros axeitados ao seu gusto persoal e intereses.		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura da información.	Adopta hábitos de uso crítico		
CA4.5 - Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversas fontes de información que empreguen a lingua galega acordes cos seus intereses, avanzando na construción da súa identidade lectora.	Le de maneira autónoma ou acompañada textos de diversas fontes de información que empreguen a lingua galega		
CA4.6 - Compartir oralmente a experiencia de lectura, participando, de forma acompañada ou autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Comparte oralmente a experiencia de lectura, participando, de forma acompañada ou autónoma		
CA5.1 - Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversos autores e autoras da literatura galega, axustados aos seus gustos e intereses, avanzando na construción da súa identidade lectora.	Le de maneira autónoma ou acompañada textos de diversos autores e autoras da literatura galega		
CA5.2 - Compartir a experiencia de lectura, en soportes diversos, mediante a realización de actividades literarias e participando na comunidade lectora escolar.	Comparte a experiencia de lectura, en soportes diversos		
CA5.3 - Valorar os textos literarios e a literatura en xeral como fonte de lecer e información.	Valora os textos literarios e a literatura en xeral e especialmente en lingua galega		
CA5.4 - Identificar a biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas.	Identifica a biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas		
CA5.6 - escoitar e ler textos variados da literatura infantil universal e galega, que recollan diversidade de autores e autoras, recoñecendo elementos básicos dos distintos xéneros literarios e interpretándoos e relacionándoos con outras manifestacións artísticas de maneira acompañada.	Escoita e le textos variados da literatura infantil universal e galega, que recollan diversidade de autores e autoras		
CA5.8 - Recoñecer recursos básicos da linguaxe literaria.	Recoñece recursos básicos da linguaxe literaria.		
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Compara aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.		
CA6.3 - Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua galega, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras (substantivos, adxectivos e verbos), a partir da observación, comparación e manipulación de palabras e enunciados, nun proceso acompañado de produción ou comprensión de textos en contextos significativos.	Formula conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua galega		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.4 - Revisar os textos propios e alleos, de maneira acompañada, a partir da observación, comparación e manipulación de palabras nun proceso de mellora na produción e comprensión de textos e mediante o uso guiado de dicionarios físicos ou dixitais.	Revisa os textos propios e alleos		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Biografía lingüística persoal e do seu centro educativo. - Valoración da diversidade da lingua na contorna e na nosa comunidade autónoma. - Valoración social equilibrada das dúas linguas oficiais de Galicia. - Identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos. - A diversidade etnocultural e lingüística como riqueza e ferramenta para achegarse á súa contorna. - Recoñecemento nas expresións verbais e non verbais da igualdade entre homes e mulleres. - Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas, tendo unha perspectiva de xénero. - Contexto - Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo. - Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma). - Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo e exposición. - Interese pola ampliación de vocabulario para unha mellor comunicación oral. - Estratexias para a coherencia e a cohesión na produción e reprodución oral de textos en lingua galega. - Procesos: interacción oral - Estratexias de interpretación de elementos básicos da comunicación non verbal. - Interacción oral adecuada en situacións de aula, mobilizando estratexias básicas de cortesía lingüística e asertividade. - Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando frases cunha secuencia lineal sinxela e coherente, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación. - Estratexias de expresión e escoita empática de necesidades, vivencias e emocións propias e alleas para a resolución dialogada dos conflitos, tendo en conta a perspectiva de xénero. - Procesos: comprensión oral - Comprensión global e específica e identificación das ideas máis relevantes de textos orais de diversa tipoloxía e procedentes de diversas fontes (gravacións, medios de comunicación, escoita oral de contos infantís). - Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais, especialmente xestos e ton de voz que incidan no significado da mensaxe que se quere transmitir. - Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel, que estimulen intereses e gustos.

Contidos

- Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe (escoitar e preguntar) e para a identificación e interpretación do sentido global de textos orais e multimodais sinxelos.
- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal e de discriminación polo uso do galego como lingua de comunicación.
- Procesos: produción oral.
- Produción de textos orais sinxelos de diferente tipoloxía. Pronuncia e entoación adecuadas, atendendo á particularidade fonética da lingua galega.
- Construción, valoración e comunicación de coñecemento mediante a planificación e produción acompañada de textos orais e multimodais sinxelos.
- Creación de textos orais utilizando unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Contexto
- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a comprensión lectora de textos sinxelos, da literatura galega, de uso cotián.
- Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).
- Elementos básicos de contido (tema, léxico) e forma (estrutura, título, imaxes).
- Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo.
- Estratexias para a coherencia e a cohesión na produción e reprodución de textos escritos, en lingua galega.
- Procesos: comprensión lectora.
- Lectura individual ou acompañada de distintos tipos de textos, con entoación e ritmo adecuados ao desenvolvemento cognitivo.
- Estratexias básicas de comprensión do sentido xeral e identificación das ideas máis relevantes de textos escritos en lingua galega.
- Elementos gráficos, textuais e paratextuais progresivamente complexos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
- Estratexias básicas de uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a comprensión dos textos.
- Valoración e aprecio da lectura, especialmente en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Comprensión de textos diversos, adecuados á súa idade, lidos en voz alta e en silencio, empregando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e utilización desta como fonte de información e lecer.
- Coñecemento da organización e funcionamento das bibliotecas da aula, do centro e das virtuais e participación nas actividades organizadas. Interese por manter a biblioteca propia e persoal, ampliando os seus fondos con textos propios da literatura galega.
- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica.
- Procesos: produción escrita
- Aplicación das normas ortográficas básicas adecuadas ao seu desenvolvemento cognitivo e cohesión do texto: mantemento do tempo verbal, puntuación.

Contidos

- Aplicación de normas ortográficas de certos fonemas e grafemas
- Aplicación de normas ortográficas relativas á puntuación.
- Aplicación de normas de cohesión do texto: mantemento do tempo verbal.
- Creación de textos utilizando a lingua galega con intención informativa: carteis, anuncios, pequenos cómics.
- Modelos e estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión de textos escritos sinxelos, en diferentes soportes (incluídos os dixitais), con distintos propósitos comunicativos.
- Producción de textos escritos e multimodais sinxelos, coherentes e con presentación coidada, utilizando en cada situación o modelo discursivo que corresponda.
- Estratexias básicas de uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a expresión escrita en lingua galega e a elaboración de textos.
- Uso de elementos gráficos e paratextuais básicos que faciliten a organización e comprensión do texto.
- Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita das compañeiras e os compañeiros.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Estratexias básicas na procura guiada da localización, selección e contraste de información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.
- Estratexias e técnicas para comparar e clasificar a información.
- Identificación e valoración crítica das mensaxes e da información recollidas e transmitidas de distintas fontes e de distintos tipos de texto.
- Modelos explícitos para reelaborar a información.
- Comunicación creativa do coñecemento, con respecto pola propiedade intelectual das obras de escritores e escritoras galegos e galegas.
- Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro como fonte de información, aprendizaxe e lecer.
- Utilización das tecnoloxías da información e comunicación para a procura da información, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.
- Construción da identidade lectora a través da lectura de textos en galego e adecuados aos seus intereses, procedentes de diversas fontes de información.
- Colaboración en comunidades lectoras de ámbito escolar a través de experiencias lectoras compartidas.
- Lectura acompañada e comentada de diversos textos literarios en lingua galega, adecuados aos seus intereses e organizados en itinerarios lectores.
- Construción da identidade lectora empregando textos da literatura galega. Estratexias para a expresión de gustos e intereses.
- Estratexias básicas para a interpretación acompañada e compartida de obras, a través de conversacións literarias, participando na comunidade lectora escolar.
- Valoración do texto literario galego e da literatura en xeral, como vehículo de comunicación e recurso de lecer persoal.
- Funcionamento da biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas.
- Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos, atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento.
- Comprensión, memorización e recitado de poemas, valorando o ritmo e a entoación.
- Os elementos constitutivos esenciais da obra literaria (tema, protagonista, personaxes secundarios).

Contidos

- Análise guiada dos recursos expresivos elementais e os seus efectos na recepción do texto.
- Relación entre os textos lidos e outras manifestacións artísticas e culturais.
- Elaboración de textos con intención literaria en galego, a partir de modelos dados ou recreando textos literarios.
- Creación de textos literarios sinxelos, en prosa ou en verso: contos, poemas, adiviñas, cancións e teatro.
- Identificación de xeito acompañado de recursos literarios básicos.
- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.
- Os signos de puntuación elementais como mecanismos para organizar o texto escrito.
- Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons e letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas.
- Estratexias para a elaboración guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico. Transformación de enunciados (substitución, cambio de orde, manipulación).
- Establecemento de xeneralizacións sobre aspectos lingüísticos elementais na estrutura do galego, prestando especial atención ás relacións (xénero e número) que se establecen entre substantivos, adxectivos e verbos.
- Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás repeticións e sinónimos, á orde de oracións e parágrafos e aos diferentes conectores gramaticais e textuais explicativos.
- Estratexias e técnicas elementais de recoñecemento da intención comunicativa e do uso guiado de dicionarios, en distintos soportes.
- Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras (substantivo, verbo, adxectivo, pronomes, artigos). Características e uso de cada clase de palabra.
- Procedementos elementais de adquisición de vocabulario galego. Semellanzas e diferenzas de forma e significado entre palabras da mesma familia léxica ou semántica.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Os alumnos han de iniciarse na utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade. Necesitamos dotar o alumnado de ferramentas para que poidan desenvolverse en múltiples contextos dominando a lingua oral e escrita de forma funcional. Centramos a orientación nesta área na adquisición de habilidades imprescindibles para o desenvolvemento da capacidade de comprensión dos alumnos e alumnas, sempre a través de apoios graduais e partindo da realidade máis inmediata do neno.

Todo o traballo se encamiña a proporcionarlle recursos de comunicación:

- A escritura: integramos o proceso de adquisición desta destreza a través do coñecemento previo dos sons, os cales se estudan en relación con un contexto de aprendizaxe motivadora e se abordan dunha maneira progresiva.
- A expresión oral: mediante a participación na clase favorecese a ampliación e utilización do vocabulario, a expresión de experiencias persoais, a formulación de conxecturas e hipóteses, etc. O profesor fomenta distintos tipos de situacións de comunicación oral condicionados a cada nivel e momento. Mediante o xogo e a simulación os alumnos e alumnas descubren as posibles actitudes comunicativas.
- A comprensión lectora: O alumnado chegará a distinguir os elementos estruturais das narracións e as ideas esenciais das exposicións e a discriminar os constituintes dos distintos tipos de lectura (títulos, portadas, capítulos, etc...). Así o alumno comprenderá o seu valor expresivo e observará os contidos e mensaxes connotativas.

-A expresión escrita: desenvolvemos a tipoloxía textual, co fin de que o alumno sexa capaz de producir composicións individuais de distinta índole; ademais aprenderá a facer esquemas e resumos, que lle axudarán a extraer as ideas principais dun texto.

Presentamos os coñecementos específicos de tipo gramatical e ortográfico como recursos necesarios para a expresión, con utilidade y aplicación práctica.

Esto favorece a súa asimilación, posto que no se plantexan como obxectos estranos, susceptibles de ser memorizados, senon como unha axuda máis para a comunicación.

Os contidos da área de Lingua Galega están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a contexto real. Será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción e se poida aplicar a proxectos reais próximos ao alumnado.

Debemos ter en conta que cada alumno parte dunhas fortalezas individuais que hai que seguir desenvolvendo. Estas fortalezas axudarannos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas a realizar estarán pensadas dende a teoría das Intelixencias Múltiples como posibilidade para que todo o alumnado chegue a comprender aqueles contidos que necesita adquirir para alcanzar os obxectivos de aprendizaxe que pretendemos.

Nesta área os alumnos iníciáanse no desenvolvemento das habilidades da linguaxe, por iso, deberán manexar diferentes destrezas que impliquen o traballo en grupo colaborador como unha forma de adestrar a capacidade empática de poñerse no lugar doutras persoas e saber expresar en función do contexto e a intención comunicativa o que pode suceder en situacións reais e cotiás.

A elaboración de proxectos de traballo cooperativo constitúe unha forma de aprendizaxe significativa e auténtica, cos que se potencia:

- O respecto hacia os seus compañeiros.
- A responsabilidade individual e colectiva.
- A comunicación entre os membros do grupo.
- O reparto de responsabilidades.
- A diversidade enriquecida polas contribucións individuais.
- O análise crítico da información.
- A capacidade de síntese.
- A mellora das aprendizaxes.

A ensinanza individualizada promove que cada alumno traballe na consecución dos obxectivos educativos a un ritmo acorde coas súas capacidades e destrezas. Por eso é importante establecer un plan que os axude a superar as súas dificultades, así como a desenvolver e potenciar as súas habilidades.

Centraremonos nunha metodoloxía flexible e inclusiva, dotada de técnicas e recursos educativos que mellor se adapten as necesidades particulares dos alumnos.

Dispoñemos de materiais didácticos específicos para utilizar en función das condicións concretas de cada neno ou nena, así como dos obxectivos de mellora que se plantexen en cada caso.

O carácter multidisciplinar de moitas das competencias parte da concepción do currículo como un conxunto que abarca as diversas áreas e materias, polo que se require unha gran coordinación docente donde o traballo en equipo de todos os docentes ha de ser unha constante.

Fomento da lectura.

O plan lector do noso centro intenta promover o gusto pola lectura e fomentar o hábito lector entre o alumnado e as familias.

Dedícanse un tempo de trinta minutos diarios á lectura na clase.

Hora de lectura, un tempo de vinte minutos diarios no que todo o centro está realizando lectura silenciosa.

- Outros dez minutos diarios, que se desenvolven ao longo das actividades planificadas, según as necesidades que xorden da programación diaria do profesor.

A biblioteca en colaboración cos titores planifica e leva a cabo actividades de fomento da lectura atendendo aos criterios que considere o equipo e cos criterios xerais que se establezan na Programación Xeral Anual.

A competencia lectora do alumnado precisa que os poñamos en contacto con toda a diversidade de textos ao longo da súa escolaridade e que lles ofrezamos os recursos para que poidan interpretalos satisfactoriamente.

Os que traballaremos en terceiro son: descritivos, narrativos (conto, fábula, lenda, biografía, novelas de aventura e fantasía, banda deseñada, adiviñas, noticias xornalísticas) instrutivos (receitas, normas) e poesía.

Desde o punto de vista da metodoloxía, ponse o foco nos seguintes aspectos

I. Educación integral orientada a formar persoas:

- Indagadoras e analíticas
- Informadas e cultas
- Reflexivas e críticas
- Boas comunicadoras
- Colaboradoras e participativas
- Comprometidas e éticas
- Creativas
- Respectuosas e con mentalidade aberta

II. Desenvolvemento sostible desde o punto de vista ambiental e social:

- Para educar cidadáns globais, persoas comprometidas consigo mesmas, cos demais e co planeta.
- Todos os elementos débense orientar a que o alumnado reflexione sobre os retos do século XXI e deben contribuír á construción dun mundo mellor.

III. Proxecto conectado coa realidade que promove a aprendizaxe competencial. Para iso, cada unidade didáctica organízase ao redor dunha situación de aprendizaxe, unha experiencia de aprendizaxe (problema, tema, reto...) motivadora, real e próxima ao alumnado. As unidades seguen unha ruta didáctica en catro fases:

- Espertar a curiosidade do alumno e tomar conciencia da situación-problema.
- Aprendizaxe orientada cara aos contidos necesarios e o desenvolvemento das habilidades de pensamento.
- Aplicación do aprendido en tarefas complexas, con forte sentido competencial e actitudinal.
- Consolidación, valoración do aprendido e personalización.

IV. Aprendizaxe personalizada mediante a flexibilización de adaptacións para que responda á diversidade de realidades educativas.

V. Avaliación formativa para avaliar todas as fases do proceso educativo, cunha gran diversidade de instrumentos, incluíndo a participación do propio estudante

VI. Ensino dixital para desenvolver a competencia dixital do alumnado e tamén como ferramenta de ensino e aprendizaxe.

VII. Enfoque multidisciplinar e, aínda que cada unha área ten sentido propio, propónse un gran número de dinámicas interdisciplinares que contribúen a unha aprendizaxe profunda e que permiten interrelacionar saberes e fortalecer as aprendizaxes das áreas instrumentais.

VIII. Integración de novos saberes:

- Alfabetización informacional

Na área de Lingua galega e Literatura, a orientación vén dada polo espírito da Competencia en Comunicación Lingüística; isto implica un enfoque comunicativo que debe presidir todas as situacións de aprendizaxe. Desde esta perspectiva, os aspectos metodolóxicos máis destacados son:

Expresión oral

- Participación en debates respectando as normas do intercambio comunicativo.
- Preparación e presentación de exposicións orais.
- Expresión de sentimentos propios e dos demais.
- Expresión de opinións e emocións en debates grupais.
- Emprego dunha linguaxe inclusiva e non discriminatoria.
- Ampliación de vocabulario mediante diferentes estratexias.
- Valoración da vertente literaria dos textos.

Expresión escrita

- Lectura e comprensión de textos de diferente tipoloxía.
- Práctica sobre aspectos gramaticais da linguaxe e comprensión progresiva da súa importancia na comunicación escrita.
- Exploración dos recursos dixitais da aula.
- Elaboración de investigacións sobre diferentes temas.
- Autonomía na planificación, redacción e revisión das súas producións escritas.
- Desenvolvemento de estratexias básicas para a recompilación e selección de información sobre un tema.
- Reflexión sobre os textos, as súas tipoloxías e os seus contidos.

- Recoñecemento do valor expresivo da imaxe que acompaña a un texto.
- Establecemento de relacións entre as informacións que ofrecen os textos e as que se ofrecen mediante diferentes recursos gráficos.

Actitudes ante a aprendizaxe da Lingua

- Valoración da diversidade como elemento enriquecedor.
 - Reflexión sobre a importancia da comunicación en diferentes situacións.
 - Valoración das achegas das compañeiras e dos compañeiros como ferramenta de aprendizaxe e mellora dos traballos.
 - Desenvolvemento do espírito crítico en diferentes contextos comunicativos.
- Secuenciación dos proxectos cooperativos (retos) ao longo do curso

Os retos son situacións de aprendizaxe transversais que se abordan nas diferentes áreas desde a perspectiva propia de cada disciplina. Deste xeito, todas as áreas contribúen, desde os seus enfoques particulares, á formulación global do proxecto, integrando saberes para que o alumnado avance nas súas competencias, relacione aprendizaxes e se converta en protagonista da súa evolución.

Durante o reto aplicaranse os coñecementos adquiridos no trimestre a través de diferentes actividades nas distintas áreas e ámbitos, que se conxugarán e modularán para realizar un traballo cooperativo e que permitirán ao alumnado aprender a valorar os resultados do proceso.

Primeiro trimestre

O reto deste primeiro trimestre consiste na reflexión sobre os alimentos e a súa desigual distribución no planeta, así como o problema que supón o desperdicio de comida. Existen dúas liñas de análises que encadran o tema:

¿Os países máis desenvolvidos teñen alimentos dabondo para todos os seus habitantes. A pesar desta abundancia, hai persoas neles que tamén sofren a escaseza e, aínda que sexa un contrasenso, unha gran cantidade de comida tírase ao lixo. Ademais, esta sobreproducción de alimentos precisa unha gran cantidade de auga e de enerxía e xera substancias contaminantes.

- Os países máis pobres non dispoñen de alimentos suficientes para abastecer a todos os seus cidadáns.

A partir de aquí, o alumnado estudará se na súa contorna se desperdician alimentos e levará a cabo iniciativas para cambiar esta realidade. A sensibilización cara a este problema e a análise crítica da situación orientarán os retos nas diferentes áreas.

Segundo trimestre

Este reto pon o foco no perigo en que se atopan un gran número de animais e os seus hábitats naturais. Os alumnos e as alumnas deben estudar aspectos como os seguintes:

- Que animais están nesa situación.
- Cales son as ameazas que sofren.
- Como se distribúen nas zonas naturais do planeta e a que problemas enfróntanse esas zonas.
- Que accións se poden levar a cabo para reverter o problema.

Así mesmo, analizarase a presenza dos animais na contorna inmediata, as súas necesidades, as accións encamiñadas á súa protección, a responsabilidade das persoas no seu benestar e as tarefas que levan a cabo algunhas asociacións neste sentido.

A análise dos datos, a reflexión, a comunicación das conclusións e a posta en marcha de iniciativas para atallar os problemas son as liñas de actuación deste reto.

Terceiro trimestre

No terceiro trimestre, as alumnas e os alumnos analizan as tarefas que levan a cabo homes e mulleres en diversos contextos e as diferenzas que existen entre as responsabilidades que ambos asumen.

O alumnado adoptará posturas persoais sobre os seguintes aspectos:

- A valoración de todas as persoas, as súas opinións e os seus logros sen discriminación por ningunha causa.
- A reflexión sobre os propios gustos e preferencias e sobre a liberdade de elixir o propio camiño sen ser mediatizado por prexuízos ou opinións.

Neste último reto do curso expónse a organización completa dun debate sobre o xogo segregado por xéneros. O alumnado vai determinar a estrutura e as regras do debate. Promóvese o pensamento crítico, adquirense valores persoais e sociais e desenvólvense habilidades comunicativas esenciais.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto do alumno da editorial seleccionada.
Vídeos didácticos.
Ordenador de aula e proxector.
Libro dixital da editorial.
Dicionario de lingua galega.
Murais ortográficos e de vocabulario.
Recursos fotocopiáveis.
Recursos na rede.
Xogos didácticos.
Biblioteca escolar de aula e do centro.
Periódicos e revistas.
Material funxible.
Cadernos trimestrais de actividades.
Flashcards de lingua.

Neste apartado vaise a expoñer principalmente a selección dos materiais e recursos didácticos empregados. Os criterios de selección dos materiais curriculares que sexan adoptados polos equipos docentes, seguen un conxunto de criterios homoxéneos que proporcionan resposta efectiva ás formulacións xerais de intervención educativa.

Establécense oito criterios ou directrices xerais que perfilan a análise:

- Adecuación ao contexto educativo do centro.
- Correpondencia dos obxectivos promovidos cos enunciados no Proxecto educativo do centro.
- Coherencia dos contidos propostos cos obxectivos.
- A acertada progresión dos contidos e obxectivos, a súa correspondencia co nivel e a fidelidade á lóxica interna de cada área.
- A adecuación aos criterios de avaliación do centro.
- A variedade das actividades, diferete tipoloxía e a súa potencialidade para a atención ás diferenzas individuais.
- A claridade e amenidade gráfica e expositiva.
- A existencia doutros recursos que facilitan a actividade educativa.

Atendendo a todos eles, establecemos unha serie de pautas concretas que dirixirán a nosa selección.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

En 3º de Primaria contemplamos a necesidade de realizar probas específicas de avaliación inicial destinadas a realizar unha valoración da situación de partida dos alumnos ao inicio do curso.

A partir dos resultados, levaranse a cabo as decisións e actuacións comúns adoptadas polo equipo docente .

Os recursos para levar a cabo a avaliación inicial aplicaranse en dúas vías:

* Do grupo da clase:

- Intercambio de información entre equipos docentes sobre o grupo en xeral. Abordaranse todas as peculiaridades do grupo, as interaccións que se producen nel e as dinámicas que funcionaron ben ao longo do tempo. Tamén se incorporarán datos relativos a alumnos con necesidades especiais, discapacidades ou dificultades de aprendizaxe.
- Formulación de dinámicas de grupo para detectar como se relaciona o alumnado entre si e co profesorado. Este punto realizarase mediante a observación directa.

* De cada alumno en particular:

- Observación directa do seu traballo e da interacción cos outros.
- Entrevistas.
- Autoavaliación.
- Rutinas de pensamento.
- Cuestionarios de avaliación inicial
- Probas de avaliación inicial.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
Peso UD/ Tipo Ins.	6	6	6	10	6	4	6
Proba escrita	30	33	31	30	30	31	28
Táboa de indicadores	70	67	69	70	70	69	72

Unidade didáctica	UD 8	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14
Peso UD/ Tipo Ins.	6	10	6	4	6	6	14
Proba escrita	26	26	21	22	21	28	30
Táboa de indicadores	74	74	79	78	79	72	70

Unidade didáctica	UD 15	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	4	100
Proba escrita	32	28
Táboa de indicadores	68	72

Criterios de cualificación:

Realizarase a cualificación do noso alumnado tendo en conta os seguintes puntos:

-Realizaremos unha proba escrita en cada unha das Unidades Didácticas que traballaremos ao longo do curso, dándolle a porcentaxe recollida no apartado anterior. Dentro de cada unidade, cada proba escrita será elaborada e avaliada tendo en conta o peso orientativo asignado a cada criterio de avaliación.

- As probas de avaliación da unidade fomentan o pensamento e contribúen á aprendizaxe significativa, permitindo avaliar en que medida o estudante adquiriu determinadas aprendizaxes, se sabe relacionar diferentes saberes entre si e se é capaz de transferir as destrezas adquiridas a outro contexto cunhas particularidades distintas (sen apoios, con tempo limitado).

- Escala de valoración do caderno persoal do alumnado, permite facer un seguimento do seu desempeño, ademais de ser un medio de comunicación entre a familia e a escola. A escala permite valorar a presentación, a organización e a execución das actividades e tarefas incluídas no caderno..

-Mediante a observación directa e sistemática completaremos unha táboa de indicadores ou rúbrica coa que valoraremos os seus traballos, as exposicións destes, así como as interaccións orais e a actitude ante a materia e cos seus compañeiros/as. Esta táboa de indicadores terá o peso especificado en cada unidade.

Nesta táboa de indicadores, algúns serán recollidos marcando si/non como resposta ao mínimo a conseguir, e outros serán recollidos cunha escala do 1 ao 5 como posible resposta.

Criterio de calificación:

- 1º Trimestre: UD 1 10% + UD 2 10% + UD 3 20% + UD 4 20% + UD 5 20% + Rúbrica 10%

- 2º Trimestre: + UD 6 20% + UD 7 20% + UD 8 20% + UD 9 20%+ Reto 10% + Rúbrica 10%

- 3º Trimestre: UD 10 20% + UD 11 25% + UD 12 25% + Reto 10% + Rúbrica 20%

O 100% da nota da avaliación final obterase do xeito seguinte:

-1º trim. 30%

-2º trim. 30%

-3º trim. 40%

Cando a cualificación obtida, tanto trimestral como final, for un resultado con decimais, por defecto aplicarase o seguinte:

-se o decimal estiver entre 0 e 49 o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais.

-se o decimal estiver entre 5 e 99 o numero enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

En calquera caso, se por análise da persoa docente e/ou o conxunto da Xunta de Avaliación, a progresión do alumnado argumenta a este/a/s a conveniencia de non aplicar o anterior por defecto, atendendo a razóns pedagóxicas, isto será o que prevalecerá.

Criterios de recuperación:

Teremos en conta a diversidade do alumnado para facer un ensino individualizado e personalizado, adaptándonos ás características propias de cada alumno/a. Traballaremos, pois, tendo en conta esa diversidade adoitando as seguintes medidas: -Manteremos unha comunicación e relación frecuente e clara coas familias, é a mellor maneira de coñecer as necesidades do alumnado. -Empregaremos distintos estilos de aprendizaxe á hora de propor tarefas, favorecendo

o desenvolvemento de todas as habilidades e intelixencias do alumnado para favorecer a súa integración e inclusión - Partiremos do nivel de cada alumno/a. - Prestaremos atención individualizada sempre que sexa posible. - Traballaremos as emocións con todo o grupo - clase, facéndoos pensar e dialogando ao remate das tarefas sobre o que saíu ben e o que saíu mal e buscando xuntos propostas de mellora. As medidas con carácter curricular son o reforzo educativo e as adaptacións curriculares que se levan a cabo con algúns/algúns estudantes. O reforzo educativo realízase dentro da aula ordinaria polo mestre/a tutor/a e, noutras ocasións, pola mestra especialista en pedagogía terapéutica dentro da medida das súas posibilidades ou pola mestra ou mestre de apoio. En todo caso intentarase: - Adaptarnos ás características individuais e sociais de cada alumno/a. - Adoptar unha metodoloxía propicia á aprendizaxe para todos os alumnos/as na súa diversidade. - Partir dunha avaliación inicial dos alumnos en cada núcleo de aprendizaxe para detectar coñecementos previos, e para facilitar a importancia do novo contido a ser aprendido. De modo xeral, propoñeranse actividades de reforzo en cada unidade para aqueles Criterios de Avaliación nos que non se acadou o mínimo esixible, a non ser que se trate dun Criterio de avaliación que tamén se trate en unidades posteriores e se considere que co traballo das unidades seguintes é recuperable.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas adoptadas para a atención á diversidade e para resolver as necesidades de mellora, en canto ao desenvolvemento dos obxectivos curriculares e a aspectos competenciais, irán encamiñadas a:

- Proporcionarlle procedementos que lles permitan adquirir as habilidades culturais básicas relativas á expresión oral, á lectura, á escritura e o cálculo, numeración, coñecemento do medio natural e físico que lles rodea.
- Utilización de estratexias encamiñadas a favorecer un clima de silencio na clase.
- Fomentar o uso do galego como lingua propia e mostra de identificación de Galicia a través de cancións.
- Propoñer tarefas encamiñadas a ampliación do vocabulario galego.
- Guíalos con técnicas e consellos que os axuden a redactar textos adecuados ao seu nivel, dende a preparación ata a redacción e a corrección final.
- Provocar e facilitar situacións de reflexión persoal e toma de conciencia da necesidade de adquirir procedementos que lle levarán a mellorar.
- Posta en común de ideas encamiñadas a que interioricen a necesidade dun comportamento adecuado.
- Utilizaranse estratexias para que reflexionen sobre a necesidade de madurar e así aproveitar mellor as aprendizaxes.
- Programar tarefas que favorezan a reflexión sobre o control das emocións e xestionalas para evitar conflitos persoais.

En xeral, téntase que as medidas de atención á diversidade sexan escasas, xa que unha programación ben elaborada e contextualizada na realidade da aula require un número moi limitado delas.

As medidas xerais de atención á diversidade articúlanse aplicando:

- Reforzo educativo.
- Adaptacións curriculares.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.6 - Fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.				X	X			
ET.7 - Igualdade entre mulleres e homes.	X		X			X	X	X
ET.8 - Educación para a paz.			X			X		
ET.9 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible.		X		X	X		X	
ET.10 - Educación para a saúde (incluída a afectivo-sexual).	X	X				X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15
ET.1 - Comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.							
ET.7 - Igualdade entre mulleres e homes.							
ET.8 - Educación para a paz.							
ET.9 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible.							
ET.10 - Educación para a saúde (incluída a afectivo-sexual).							

Observacións:

Aínda que todos os elementos transversais poderían relacionarse con todas as unidades, marcamos solo aquelas unidades nas que o elemento transversal está presente dun xeito moi claro.

Traballaranse segundo a programación de aula aínda que a un ritmo acorde coas capacidades e destrezas do alumnado.

Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgúñas áreas, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as disciplinas.

Na programación de aula non están programados como contidos a ensinar, senón que se traballarán en todas as áreas e serán tidos en conta ao longo de toda a actuación educativa: á hora de organizar a aula, de facer agrupamentos de alumnos, de seleccionar lecturas e materiais, de poñer en marcha estratexias que permitan a colaboración e o protagonismo dos alumnos máis desfavorecidos e establecendo plans que permitan superar as dificultades, así como a desenvolver e potenciar as habilidades.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Actividades de biblioteca. (1º trimestre)	Contacontos, animación á lectura.	X	X	X
Actividades promovidas polo Departamento de Normalización e Dinamización Lingüística. (2º trimestre)	Revista escolar, unidades didácticas como O Magosto e Día das Letras Galegas, programa de televisión escolar.	X	X	X
Representar unha obra en galego no Festival de Nadal	Representar "A estrela estresada"	X		
Participar no día da violencia de xénero do Concello	Crear unha pancarta		X	
Samaín : - a finais de outubro Participamos na decoración da escola	Participamos na decoración da escola. Faremos cabazas decoradas par ao concurso. Participamos no programa da TVG "Quen anda aí?"		X	
8 de marzo: Día Internacional da Muller Traballadora	Recitaremos poesías		X	
- Día do Pai	Farémolles unha carta de agradecemento ao noso pai.		X	
Entre o 12 o 30 de abril: Día do Libro	Leremos contos en galego	X	X	X
-Do 9 o 16 de maio: Semana das Letras Galegas.	Faremos carteis nos que se represente a vida e obras do autor			X
- Día da nai	Faremos unha poesía a nosa nai.			X

Observacións:

Entre os propósitos que perseguen este tipo de actividades destacan:

- Completar a formación que reciben os alumnos nas actividades curriculares.
- Mellorar as relacións entre alumnos e axudarlles a adquirir habilidades sociais e de comunicación.
- Permitir a apertura do alumnado cara ao contorno físico e cultural que o rodea.
- Contribuír ao desenvolvemento de valores e actitudes adecuadas relacionadas coa interacción e o respecto cara aos demais, e o coidado do patrimonio natural e cultural.
- Desenvolver a capacidade de participación nas actividades relacionadas co contorno natural, social e cultural.
- Estimular o desexo de investigar e saber.
- Favorecer a sensibilidade, a curiosidade e a creatividade do alumno.
- Espertar o sentido da responsabilidade nas actividades nas que se integren e que realicen.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.
Metodoloxía empregada
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
10. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.
Medidas de atención á diversidade
6. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
8. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.
9. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
11. Valorouse adecuadamente o traballo cooperativo do alumnado dentro do grupo.
Clima de traballo na aula
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
5. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.

Descrición:

Neste apartado preténdese promover a reflexión da práctica docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento da programación didáctica. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica propónse unha secuencia de preguntas que permitan avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

Os items relacionados preséntanse en táboas que conteñen unhas casillas numeradas do 1 ao 5 para valorar o grao de consecución de cada un deles. A continuación analizaranse nunha posta en común do profesorado do nivel ao remate de cada avaliación. Este proceso permitirá unha reflexión sobre a nosa práctica docente e posibilitará a introdución das medidas correctoras necesarias para a mellora do proceso de ensino.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Trimestralmente farase un seguimento do desenvolvemento da programación na propia aplicación PROENS, previa reunión do profesorado do nivel. A programación debe ser flexible, permitíndonos correxir e modificar aqueles aspectos que non resultasen idóneos na posta en práctica.

Ao remate de cada avaliación, utilizando a información recollida na posta en común sobre o labor docente, as respostas ás seguintes cuestións (que se valoran entre 1 e 5) e os resultados académicos existentes, reuniremonos para a toma de decisións acordada sobre os posibles cambios que precise a nosa programación. As conclusións quedarán recollidas na acta da reunión de ciclo.

Cuestións:

- Resulta clara a vinculación entre o currículo e o proceso que se seguiu na aula.
- A planificación permite flexibilizar sesións de traballo, agrupamentos, organización das actividades.
- Queda claro o enfoque competencial.
- As aprendizaxes instrumentais incorpóranse adecuadamente.
- A interdisciplinariedade é operativa.
- Destaca o desenvolvemento de comportamentos éticos.
- A vinculación cos desafíos do século XXI e cos ODS está clara.
- Os criterios establecidos facilitan a avaliación continua e a autoavaliación.
- Instrumentos de avaliación proporcionan información valiosa.
- O proceso levouse a cabo con fluidez.
- A temporalización foi adecuada.
- Os alumnos sentíronse motivados polos retos e desafíos que se expoñen.
- A adquisición de aprendizaxes e habilidades estivo ben equilibrada.
- As actividades contribúen a que o alumnado alcance autonomía progresivamente.
- Hai espazo para a reflexión persoal e grupal sobre o proceso de aprendizaxe.
- Prestou atención á expresión persoal dos alumnos.
- As interaccións entre o alumnado fanse progresivamente máis fluídas.
- A convivencia na aula e as relacións van avanzando positivamente ao longo do curso.

9. Outros apartados